



Eu pedirirínllo a unha nerenererena  
no porterererelelo da deverereresesa  
i ela díririririxome que norororon  
i acenenenenenoume ca cabererereza.

Iba o Bailón e a Mercedes,  
que esto se chama gozar,  
que desta vida cochina  
e o que imos de levar.

Borda nas camisas,  
poñen na espiteira  
pra que os mozos pouquen  
a donde eles queiran.

Algo da Carioca  
lle vamos a falar  
dun mundo novo  
que veu doutra mar.

(...)

Del otro lado del río  
mi padre tiene una viña,  
ni la poda ni la cava  
ni tampoco la vendimia.